

APRENDE COAS MULLERES GALEGAS

actividades



Ilustracións: Tania Solla
Textos: Polo Correo do Vento

ÁNGELA RUIZ ROBLES

(Villamanín, León 1885 - Ferrol 1975)
Foi unha mestra e inventora galega,
precursora do libro electrónico.

Ángela Ruiz chega con 23 anos
a Galicia para traballar de mestra
en Santa Uxía de Mandiá,
preto de Ferrol,

implicándose na aprendizaxe do seu alumnado e axudando os pais
e nais que o precisaban, ensinándolles a ler e escribir.

Desfruta do seu traballo, pero quere máis e comeza a implantar
novos xeitos de aprender baseados na experiencia e non
tanto na memorización, facendo excursións e traballos divertidos
na clase. Trasládase a dar clase a Ferrol, e preocupada polo peso
das carteiras cheas de libros que leva o seu alumnado,
deseña un prototipo de libro electrónico. Este precursor do libro
electrónico é coma unha maleta que por medio duns rolos
intercambiables podía conter todas as materias, sendo moito máis
cómodo e saudable.

Sabías que algúns veciños se sorprendían de que Ángela Ruiz conducise o coche ?

MULLERES GALEGAS

opina

Naquel tempo había xente que pensaba que as mulleres non debían facer determinadas actividades como conducir. E ela, que era unha muller libre e combativa, conducía o coche facendo ver o errados que estaban.

Noutra ocasión, algunhas persoas sorprendéronse ao ver que montaba a cabalo de fronte e non de lado como pensaban que debían montar as mulleres... Ela dicía que non había postura para homes e para mulleres, e que todas as persoas somos iguais.




Que opinas destas cuestións?
Non cres que os nenos e nenas teñen
que ser libres para facer o que queiran?
Ou para vestir como gusten?

Coñeces
mulleres
inventoras?

MULLERES GALEGAS

colorea




Pescuda nos libros da casa ou na rede e atopa tres mulleres que cambiaron o mundo inventando.

Atopa as sete
diferenzas desta
escena de Ángela Ruiz
dando clase
a persoas adultas.

MULLERES GALEGAS

diferenzas






MULLERES GALEGAS

sopa de letras

Atopa 7 palabras
relacionadas con
Ángela Ruiz Robles

M	E	P	R	O	T	O	T	I	P	O
E	L	E	C	T	R	O	N	I	C	O
S	E	L	P	A	T	E	N	T	E	F
T	C	T	H	V	A	L	P	U	D	E
R	T	U	R	Z	U	I	S	O	T	R
A	R	S	A	I	X	B	R	A	F	R
Z	E	G	P	E	L	R	O	V	U	O
I	N	V	E	N	T	O	R	A	F	L



Ángela Ruiz Robles
foi unha grande
inventora
que sempre andaba
deseñando aparellos para
mellorar o mundo.

MULLERES GALEGAS

debuxa



Dálle ao miolo e pensa un novo invento, logo colle un lapis
e fai un debuxo do teu deseño.

Comprueba
as túas
actividades.

MULLERES GALEGAS

soluciona

